

Tema 3. O galego, lingua en vías de normalización.

O actual marco legal (Constitución do 78, Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística e Plan Xeral de Normalización Lingüística) senta as bases que poden conducir á recuperación e á normalización da lingua mais cómpre a intervención dos diferentes sectores sociais:

- a) **Acción institucional do poder político:** Xunta, Concellos e Deputacións, elementos indispensables no proceso de normalización.
- b) **Acción colectiva non institucional:** exercida por asociacións e colectivos (Mesa pola Normalización Lingüística...) xoga un papel importante fronte ás eivas e esquecementos dos integrantes do grupo anterior.
- c) **Acción individual.** Supón un esforzo persoal e consciente para romper hábitos e condutas de desleixamento cara á situación social do idioma.

Nunca, desde a Idade Media, o galego dispuxo de tantas armas: oficialidade, mellora na consideración social, presenza no ensino e na cultura. Pero, nunca o perigo de substitución foi tan claro: ausencia de transmisión xeracional, presenza mínima nos medios de comunicación de masas... A cultura agraria e mariñeira, que foi a que mantivo a lingua, está a desaparecer; aínda que está a medrar unha nova adhesión noutros ámbitos.

Nas enquisas unha maioría é favorable ao uso do galego e veo positivamente. Mais segue existindo xente que o considera de segunda, sen interese para o futuro. Outros cren que é "a nosa lingua", que hai que promover o seu uso en todos os niveis, que é un valor engadido que nos sitúa no mundo dándonos unha identidade e achegándonos á comunidade de fala galego-portuguesa. Para uns a situación da lingua é óptima, a normalización clara e suficientemente. Para outros o futuro é moi escuro, non hai interese real pola normalización. Os datos do [Instituto Galego de Estatística en 2019](#) son preocupantes para o galego cara á normalización do seu uso.

(286 palabras)

Cómpre personalizar a resposta para non reproducir exactamente o tema tal e como aquí figura: cambiar palabras, a orde, introducir algún dato novo, etc. Hai que evitar que o corrector se encontre cunha resposta igual a moitas outras.

Agárdase do alumnado unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa puntuación que se lle concede á pregunta e co tempo do que se dispón para o exame. Sería desexable unha extensión aproximada dunhas 200 ou 250 palabras. Ao se tratar dunha extensión breve para unha pregunta deste tipo, valorarase a

capacidade para seleccionar e presentar a información máis relevante sobre o tema escollido, así como para evitar divagacións e xeneralidades.

Versión máis longa, 580 palabras, máis axeitada para unha redacción esquemática

O actual marco legal (Constitución de 1978, Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística e Plan Xeral de Normalización Lingüística) senta as bases que poden conducir á recuperación e á normalización da lingua mais cómpre a intervención dos diferentes sectores sociais:

a) **Acción institucional do poder político.**

Levada a cabo polas Administracións públicas de Galicia (Xunta, Concellos e Deputacións), elementos indispensables no proceso de normalización, por coherencia e por imperativo legal.

b) **Acción colectiva non institucional.**

Exercida por asociacións e colectivos (Nova Escola Galega, Asociación de Funcionarios da Administración pública, Mesa pola Normalización Lingüística, Pro Lingua, Queremos Galego ...) xoga un papel importante na recuperación lingüística fronte ás eivas e esquecementos dos integrantes do grupo anterior.

c) **Acción individual.**

Supón un esforzo persoal e consciente para romper hábitos e condutas de desleixamento cara á situación social do idioma. Esta acción resulta claramente insuficiente sen o apoio dos grupos anteriores.

Para conseguir o éxito destas accións, é necesario un proceso de dinamización co obxecto de favorecer comportamentos positivos cara ao idioma, implicando activamente a colectivos e individuos a través de medidas que promovan o uso da lingua e conciencien e sensibilicen os axentes sociais, producindo un cambio de actitude na sociedade.

O proceso está agora nun momento decisivo. Nunca, desde a Idade Media, o galego dispuxo de tantas armas: oficialidade, mellora na consideración social, presenza no ensino e na cultura (aínda que nos últimos anos están desaparecendo case todas as axudas oficiais). Pero, por outro lado, nunca o perigo de substitución foi tan claro: ausencia importante de transmisión xeracional, presenza mínima nos medios de comunicación de masas...

A cultura agraria e mariñeira, que foi a que mantivo a lingua, está a desaparecer; aínda que está a medrar unha nova adhesión noutros ámbitos. Pero esta corrente regaleguizadora non compensa a perda progresiva de falantes. Se esta dinámica continúa, a medio prazo, o galego pode converterse nunha lingua "ritual". Só a lealdade lingüística, froito dun compromiso individual, pero tamén económico e social, poderá evitar que siga o proceso. Ademais a aposta pola

lingua dos grandes poderes políticos e empresariais será un factor decisivo.

O galego xa está nas aulas cun amplo coñecemento e uso do galego escrito. Mais a transmisión xeracional do idioma (de pais a fillos) nunca foi tan baixa. Que pensan os galegos? Nas enquisas unha maioría é favorable ao uso do galego e veo positivamente. Mais segue existindo xente que o considera de segunda, sen interese para o futuro *-para que serve el gallego?-*, non paga a pena promover o seu uso. Outros cren que é "a nosa lingua", que hai que promover o seu uso en todos os niveis, que é un valor engadido que nos sitúa no mundo dándonos unha identidade e achegándonos á comunidade de fala galego-portuguesa.

Así que poderíamos concluír que a conciencia lingüística na actualidade en Galicia é moi diversa. Para uns a situación da lingua é óptima, as autoridades apoian a normalización clara e suficientemente. Para outros o futuro é moi escuro, non hai interese real pola normalización. Hai moita xente que manifesta amar o galego e ten preocupación pola súa desaparición pero opina que non se debe impoñer o seu uso.

Segundo o [Instituto Galego de Estatística en 2019](#) só 3 de cada 10 persoas fala sempre en galego, só un 16,88% das persoas escriben normalmente en galego, fronte ao 83,12% do castelán, un 63,81% da xente que fala sempre en galego cambia ao castelán na escrita. Son datos moi preocupantes para a normalización do galego.

Os consellos de Xosé Manuel Calvo para a cuestión nº 6:

O ideal sería que levases un esquema estudado da casa, onde debes ordenar os contidos que vas desenvolver. A pregunta vale **1 punto** e é doado conseguir 0,50 puntos, mais é moi difícil conseguir 1 punto cando nos piden 200/250 palabras (**folio/folio e medio aproximadamente**). Nesta pregunta pódese perder máis por faltas de ortografía do que se gaña por contidos. Esta cuestión **non debería levarche máis de 10 minutos** en ningún caso. Quen aspire a nota debe levala moi ben pensada, levar ben seleccionados os contidos fundamentais e non perderse en digresións O que non teña que pelexar por unhas décimas mesmo debería deixala para o final e , en función de como vaia de tempo, atreverse con ela.

OLLO: debes usar unha terminoloxía culta adecuada ao rexistro lingüístico. Non ter claras as ideas e confundir, por exemplo, *normalización* con *normativización*, ou *lingua maioritaria* con *maiorizada* pode facer que a túa resposta sexa

considerada errónea e che sirva só para perderes puntos polas faltas de ortografía.